



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2
27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)
Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

DECRETO 130/2014

Pedrafita do Cebreiro, 05 de maio de 2014

Visto o Convenio de Colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de limpeza e mantemento do Camiño Francés e de atención e información ao peregrino, parcialmente cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013, TP 5.57.1. asinado o 23 de decembro de 2013, cuxa liña 2 de subvención se destina á atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as mediante a contratación de persoal que ostente formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos/ás peregrinos/as durante os meses de xuño a setembro, ambos incluídos, a actualización continua da información facilitada a través da páxina web do Concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo e a edición de material informativo específico sobre o Camiño Francés e o fito xacobeo. A Axencia Turismo Galicia financiará as actuacións relativas á liña 2 polo importe máximo de 8000 euros/Concello.

Considerando o artigo 21.2 da Lei 22/13, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 que prevé que “Durante o ano 2014 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais”.

Estando subvencionada ao 100% a dita contratación de persoal e contemplándose dentro das materias do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local na que o municipio debe exercer competencias propias a de “promoción turística”.

Considerando o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que establece que “Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial lo fagan conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non xerarquicamente dependentes, o coñecemento de un asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante. En todo caso, a avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houbera, con anterioridade á resolución final que se dite. Contra o acordo de avocación no caberá recurso, aínda poderá impugnarse no recurso que, no seu caso, se interpoña contra a resolución do procedemento.

Por todo **ACORDO:**

Primeiro: Avocar para si a competencia delegada na Xunta de Goberno Local no asunto de referencia.

Segundo.- Convocar un posto de Informador Turístico, como persoal laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo determinado (artigo 15.1.a) ET), por un período de 4 meses (de xuño a setembro), mediante concurso – oposición.

Terceiro: Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación temporal mediante contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado do posto de Informador Turístico, co contido seguinte:

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN INFORMADOR TURÍSTICO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Convócanse probas selectivas, mediante concurso –oposición, para cubrir con carácter temporal o posto de Informador Turístico, coas seguintes características:

- Número e denominación: 1 posto de Informador Turístico.
- Modalidade contractual: laboral, con carácter temporal por obra ou servizo determinado, a tempo completo (100%), por un período de 4 meses. A temporalidade deste contrato vén determinada polo apoio financeiro externo
- Período de proba: 15 días.
- Funcións:
 - Atender e dar información aos/ás peregrinos/as do Camiño Francés
 - Actualización continua da información facilitada na páxina web do Concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.
 - Edición de material informativo específico sobre o Camiño Francés e o fito xacobeo.
 - Levar a cabo un sistema de control e encuestación dos peregrinos/as para mellora continua do servizo ao turista.
- O horario de traballo será de 40 horas semanais.

A realización destas probas rexeráse polo previsto nestas Bases e, no seu defecto, estarase ao establecido no Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública Local; Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2

27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)

Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores e por calquera outras disposicións aplicables.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Para ser admitidos á realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a.- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores da dita idade dependentes. Estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior, así coma os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- b.- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes ao posto de traballo.
- c.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e.- Estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.

2.- Os requisitos enumerados na presente Base deberán reunirse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da contratación.

3.- SOLICITUDES.

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto do traballo convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- O prazo de presentación de instancias será de **7 DÍAS NATURAIS** contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día de presentación de instancias fora inhábil ou sábado, o prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil que non sexa sábado.

3.- Os/as candidatos/as presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Os documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

4.- As instancias, xunto coa documentación indicada, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, neste último caso, deberase adiantar por fax ó 982367150 as instancias presentadas en devanditos rexistros oficiais ou por correo.

4.- PUBLICIDADE Unha vez aprobadas estas Bases se anunciarán no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

5.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

1.- Rematado o prazo para presentalas instancias, ao día seguinte o Presidente ditará resolución que conterà:

- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se realizarán as probas selectivas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

2.- Durante os cinco días seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, poderase solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rechazadas mediante resolución pública da Presidencia, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a presidencia resolverá dita exclusión.



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2

27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)

Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

6.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal cualificador encargado da valoración das probas e dos méritos para a provisión por concurso – oposición do posto estará constituído por un número impar de membros. Un dos membros actuará de Presidente e outro como Secretario do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no art. 60 de Estatuto Básico do Empregado Público; de conformidade co mesmo, formarase por empregados públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado. Non formarán parte do mesmo persoas de elección ou designación política, funcionarios interinos nin persoal eventual.

A designación nominal dos membros do Tribunal, realizarase por Resolución de Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro, xunto coa lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (titulares ou suplentes) e en todo caso a do Presidente e Secretario, ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no art. 28 de Lei 30/92 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Todo elo sen prexuízo de dereito de recusación que poidan exercer os / as aspirantes.

Xunto coa designación nominal do Tribunal e a relación dos / as admitidos / as, publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello o día, hora e lugar en que se reunirá o tribunal a efectos de valorar os méritos nas presentes bases. As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

O órgano de selección queda facultado para resolver sobre as incidencias que se produzan durante a realización das probas selectivas e para resolver o que estime procedente para a boa orde deste.

O órgano de selección deste procedemento clasifícase na categoría segunda, aos efectos previstos na Resolución do 2 de xaneiro de 2008, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se actualiza o importe das indemnizacións por asistencias a tribunais e outros órganos de selección de persoal fixado no RD 462/2002, do 24 de maio.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o **concurso- oposición**.

7.1.- FASE DE CONCURSO.- A fase de concurso, que será previa á da oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá

aplicarse para superar a fase de oposición. Os méritos dos / as aspirantes valoraranse de acordo co seguinte baremo:

A.- Titulación académica (Máx. 2 puntos)

Por títulos académicos relacionados co posto de traballo ao que se opta, de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do citado posto.

Titulacións que se valoran:

- Título de FP con especialización en rama turismo: 1 punto.
- Título universitario en turismo: 2 puntos.

A puntuación máxima por este apartado será de **dous puntos**.

B.- Méritos profesionais (Experiencia) (Máx. 2 puntos)

A experiencia profesional en postos da mesma natureza que o que é obxecto destas bases valorarase:

- Polo desempeño dun posto de traballo das mesmas características e categoría profesional ou superior en calquera Administración Pública: 0,15 puntos.
- Polo desempeño dun posto de traballo das mesmas características e categoría profesional ou superior na empresa privada: 0,10 puntos.

A puntuación máxima por este apartado será de **tres puntos**.

C.- Cursos de formación. (Máx. 2 puntos)

Se valorarán os Cursos, Seminarios, Congresos ou Xornadas de especialización, en materia relacionada co posto de traballo que se convoca, impartidos ou recibidos por centros ou institucións oficiais: Universidade, Administración Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.), ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración con unha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a Formación Continua das Administracións Públicas, con arranxo ao seguinte baremo:

- De menos de 49 horas..... 0,20 puntos.
- De 50 a 99 horas 0,30 puntos.
- De 100 a 199 horas..... 0,50 puntos.
- De 200 a 299 horas 0,75 puntos
- De más de 300 horas 1,00 punto.

A puntuación máxima deste apartado será de **2 puntos**

D.- Formación en coñecemento dos programas informáticos. (Máx. 1 punto)



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2

27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)

Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

Se valorarán os Cursos, Seminarios, Congresos ou Xornadas sobre estas materias, impartidos ou recibidos por centros ou institucións oficiais: Universidade, Administración Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.), ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración con unha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a Formación Continua nas Administracións Públicas, con arranxo ao baremo do apartado c).

A puntuación máxima deste apartado será de **1 punto**.

E.-Coñecementos en idiomas. (Máx. 2 puntos)

Se valorarán os Cursos, Seminarios, Congresos ou Xornadas sobre estas materias, impartidos ou recibidos por centros ou institucións oficiais: Universidade, Administración Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.), ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración con unha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a Formación Continua nas Administracións Públicas, con arranxo ao baremo do apartado c).

Así mesmo valorarase a superación de cursos na Escola Oficial de Idiomas a razón de 0,20 por cada curso superado.

A documentación que terá que presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración será a seguinte, con arranxo ao baremo indicado:

a) Titulación académica.

Se presentará copia compulsada do título ou resguardo de abonarse os dereitos pola súa expedición.

b) Méritos profesionais (Experiencia).

A experiencia profesional xustificarase presentando certificación, en orixinal ou fotocopia compulsada, do centro de traballo onde prestou os servizos que conteña o posto de traballo, duración e funcións ou o contrato de traballo acompañado da vida laboral.

c) Cursos de formación, de informática ou de idiomas.

Para acreditar os méritos sinalados haberá de aportarse Certificación ou Diploma expedido pola Universidade, Administración Pública ou Institución organizadora do Curso, Seminario, Congreso ou Xornada, ou en colaboración coa cal se realizara a actividade formativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, na que conste:

1- Denominación do curso, seminario, congreso ou xornada

2- Número de horas de duración

En todo caso haberá de terse en conta que só se valorarán cursos, seminarios, congresos ou xornadas relacionados coas funcións a desenvolver no posto de traballo convocado.

Os méritos non xustificados documentalmente xunto coa presentación da instancia, de conformidade co disposto nas presentes bases, non serán valorados.

A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no Taboleiro de Anuncio do Concello de Pedrafita do Cebreiro, antes da realización da fase de oposición.

7.2.- FASE DE OPOSICIÓN.- A fase de oposición constará das probas que a continuación se relacionan:

PRIMEIRO.- de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de corenta e cinco minutos dun cuestionario tipo test de 20 preguntas, relacionadas coas materias contidas no programa que figura no ANEXO II. Das preguntas, con respostas alternativas elixirase unha como resposta, invalidándose unha correcta por cada dúas respostas incorrectas. O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para a súa superación un mínimo de 5 puntos.

SEGUNDO.- de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na superación dunha proba de carácter práctico, nun tempo máximo de corenta e cinco minutos. Estará relacionada coas tarefas e cometidos a desenvolver e servirá para coñecer a aplicación dos coñecementos, das habilidades e destrezas dos / as aspirantes para a realización dos cometidos que lle corresponden. A proba puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para a súa superación un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO.- Coñecemento de lingua galega.- a proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria, para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou equivalente, ou estar en posesión do Celga 2. O exercicio de galego para os aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do galego cualificarase como apto ou non apto, consistindo nunha tradución ao galego dun texto en castelán, elixido entre dous facilitados polo tribunal, nun tempo máximo de vinte minutos. Esta proba non terá carácter eliminatorio e os que non a superen terán dous anos para facer o Curso Celga 2. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión que se convoque.

Os / as aspirantes convocaranse para cada proba en chamamento único, coa excepción dos casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados polo Tribunal.

Desde a realización de cada unha das probas ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas. No obstante, por razóns de celeridade e eficacia e contando coa conformidade por escrito dos / as aspirantes, o tribunal poderá decidir motivadamente a redución do prazo.



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2

27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)

Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

No caso de que algún dos / as aspirantes presentase algún tipo de discapacidade, polo Tribunal, en base á información de que se dispoña, realizaranse as adaptacións e axustes en tempo e forma para a realización das probas selectivas

8. - PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVA.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

A puntuación total determinará a orde de clasificación definitiva e, polo tanto, a proposta do Tribunal a favor do/a aspirante que maior puntuación final obtivera por dita orde, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao do posto convocado.

Formarase unha lista de emprego de aspirantes de reserva de acordo coa puntuación obtida, para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

9.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello de Pedrafita do Cebreiro, aos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de minusválido acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, o aspirante non presentase a documentación esixida, non se poderá nomear e formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor

da persoa proposta polo Tribunal no prazo máximo de dez días a contar dende a data en que remate a presentación de documentos.

11.- NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso – Administrativo

ANEXO 1 - MODELO DE INSTANCIA

D^a

_____ provisto/a de DNI nº _____ con domicilio en _____

CP _____ Municipio _____ Provincia _____
_____ Teléfono _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pedrafita do Cebreiro para a contratación dun Informador Turístico.

DECLARO:

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Polo que SOLICITO ser admitido/a ao referido concurso-oposición e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

En Pedrafita do Cebreiro, de _____ de 2014.

Asinado

O/A INTERESADO/A

SR ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Praza de España, 2

27670 Pedrafita do Cebreiro (LUGO)

Tfno. 982 36 71 03 - Fax 982 36 71 50

**ANEXO II. PROGRAMA DE ACCESO PARA A PROVISIÓN DE UN
INFORMADOR TURÍSTICO. FASE DE OPOSICIÓN. TEMARIO.**

Tema 1.- Concepto de turismo. Definicións e conceptos básicos da actividade turística.

Tema 2.- O Camiño de Santiago. Especial referencia ao Camiño Francés.

Tema 3.- O municipio de Pedrafita do Cebreiro. Principais recursos turísticos: aloxamentos, restaurantes, eventos, feiras, espazos a visitar,...

Tema 4.- Rutas turísticas en Pedrafita do Cebreiro.

Cuarto.- Publicar as presentes bases na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro, a efectos de xeral coñecemento.

Quinto.- Publicar anuncio de convocatoria do posto referido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así o acorda, manda e asina, o Sr. Alcalde-Presidente, no lugar e na data anteriormente indicados, ante mín, secretaria interventora, dou fé.


O ALCAIDE
José Luis Raposo Magdalena
ALCALDIA
PEDRAFITA DO CEBREIRO (LUGO)

Ante mín
Secretaría interventora
Maria Galea

CONCELLO
SECRETARIA
PEDRAFITA DO CEBREIRO (LUGO)